



## NAIS E PAIS DO ALUMNADO

A dirección do CPI Ponte Carreira INFÓRMALLES QUE:

- A [Orde do 10 de maio de 2023](#) que regula a participación no **fondo solidario e na adquisición de libros de texto e material escolar** está publicada no DOG do 19 de maio de 2023 e as instrucións ao respecto están no portal educativo.
- A asignación de libros do fondo solidario corresponde ao alumnado que no 2023/24 estea escolarizado en 3º e 4º de primaria e que cumpra cos requisitos establecidos.
- As axudas para adquirir libros destínanse ao alumnado escolarizado no 1º e 2º curso de primaria no curso 2023/24, que reúna os requisitos establecidos.
- Poderá adquirir axudas para material escolar o alumnado matriculado en EP, ESO e EE, que acade os requisitos establecidos.
- O alumnado matriculado en 5º e 6º de EP, e en 1º, 2º, 3º, e 4º de ESO, incluído no proxecto educación dixital (E-DIXGAL) no curso 2023/24 está excluído da participación no fondo solidario de libros de texto e das axudas para adquirir libros de texto. Non obstante, poderá solicitar a axuda para adquirir material escolar cando garde os requisitos establecidos na citada orde.
- Teñen dereito a solicitar estas axudas todas as familias que o desexen, presentando unha única instancia.
- A solicitude poden presentala, ben no colexio, ou ben por vía telemática na aplicación <http://www.edu.xunta.gal/fondolibros> a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>, así como os **anexos** que están dispoñibles, para descarga, na páxina do centro e na propia secretaría. Estas solicitudes irán acompañadas dos datos que aleguen: fotocopia do libro de familia no que figuren todos os membros da unidade familiar (*se sufriu modificacións con respecto ao presentado con anterioridade*); certificado acreditativo no caso de alegar que algún membro da unidade familiar ten: *discapacidade igual ou superior ao 33%, unha pensión, unha situación de violencia de xénero...*
- O prazo de presentación estará aberto ata o 21 de xuño de 2023.
- As axudas terán en conta: a renda per cápita do exercicio 2021, e todo o referente a este cálculo está contemplado nos artigos 3 e 4 da orde referida.

O alumnado beneficiario de fondo libros, no actual curso 2022/23, entregará en bo estado os libros prestados antes de finalizar o curso para seren reutilizados.

Un saúdo

Jorge M. Fernández Guzmán  
Director